

VERMELLO ESCURO

Dario Argento, 1975

1625

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2025 | V.O.S.E. | 126 min

Un compositor inglés presencia en Roma o brutal asasinato dunha médium e inmediatamente tenta localizar o sádico asasino.

O Especial Noite de Samaín complétase ás 23:55h con “Na boca do medo”, de John Carpenter. Podes asistir a ambas sesións por só 10€ reservando na billeteira da sala as túas entradas, 7€ no caso das abonadas.



Un algo que vén do interior

Por Alejandro Lingenti

Estreada orixinalmente en 1975, esta película é considerada con xustiza como unha das mellores da extensa filmografía do italiano Dario Argento. Antes de que John Carpenter abrise a porta ao cinema slasher con *Halloween*, en Italia aparecera o *giallo*, un subxénero de películas policiais con asasinados disfrazados, tramas cargadas de suspense e misterio e un alto nivel de violencia. O *giallo* ten a súa orixe na literatura pulp italiana, máis concretamente nas novelas de tapa amarela publicadas pola editorial Mondadori, herdeiras bastardas das historias de Edgar Wallace e Agatha Christie. *Vermello escuro* é considerada por algúns especialistas como unha obra mestra do subxénero, pero é máis preciso considerala como unha película bisagra na obra de Argento.

O director romano é, sen dúbidas, un dos expoñentes máis ilustres do *giallo*, que viviu a súa era dourada entre as décadas do 60 e do 80 (cos filmes de cineastas como Mario Bava, Lucio Fulci e Umberto Lenzi), pero despois de *Vermello escuro* empezou a incorporar cada vez máis elementos sobrenaturais e fantasías do inconsciente ao seu cinema, en películas tamén moi celebradas como *Suspiria*, *Inferno* e *Phenomena*. Nos universos extravagantes e estilizados da súa filmografía sempre hai, de acordo ás súas propias palabras: “Un algo que vén do meu interior, dos meus sonhos, dos meus pesadelos”. A preocupación principal do cinema de Argento foi indiscutiblemente o como, a forma na que se conta, máis aló da historia propiamente dita. “As miñas películas non están nin sequera centradas nunha época, as cousas que conto son eternas, falo dos pensamentos e dos sonhos”.

Con todo, é certo que *Vermello escuro* admite unha lectura relacionada co contexto: estreouse en 1975, nos “anos de chumbo” en Italia, unha época marcada por unha violencia política extrema axitada sobre todo por grupos de extrema dereita, a entrada en vixencia da lei Reale, que autorizaba á policía para disparar no caso de que “houbese necesidades operativas” e o asasinato de Pier Paolo Pasolini. Había sangue por todas partes en Italia. *Vermello escuro* apareceu nese caldo de cultivo social. O protagonista da película, a quinta da carreira de Argento, é un pianista expatriado que interpreta o británico David Hemmings, o mesmo de *Blow Up*, a primeira película en inglés doutro gran nome do cinema italiano, Michelangelo Antonioni. O mozo músico vive en Roma e é testemuña circunstancial do brutal asasinato dunha veciña clarividente. O caso chega á tapa dun diario grazas á crónica publicada por unha moza xornalista (Daria Nicolodi, parella e musa de Argento durante anos, nai da popular actriz Asia Argento) coa que o músico termina asociado nunha investigación paralela á que leva adiante unha forza policial enfocada claramente co prisma da sátira.

Falamos dunha película estreada en 1975, cando o feminismo aínda pelexaba sen moito éxito por introducir os seus reclamos máis urxentes na axenda social. Con todo, a moza encárgase de burlarse da idea cristalizada da fortaleza como calidade exclusivamente masculina, e Argento simboliza e acentúa esa alteración de roles cun gracioso paso de comedia no pequeno automóbil dela: o asento do acompañante afúndese imprevistamente e o músico queda obrigado a mirar á condutora sempre desde abaixo. Alén do estritamente argumental, *Vermello escuro* seduce polo magnetismo e a inventiva da súa posta en escena: o traballo coa cor e a luz, a variedade e calidade dos encadres, o glamouroso vestuario e mesmo a maquillaxe, que xoga un rol importante na película. Tamén foi un acerto a suxestiva banda sonora, a cargo de Goblin, unha banda de rock progresivo que Argento convocou despois de descartar a Pink Floyd, a súa primeira opción.